



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 269/2008, DO 6 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA DE GALICIA.

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Coa entrada en vigor da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, establécese o actual sistema de recoñecemento da gratuidade da xustiza para aquelas persoas que acrediten insuficiencia de recursos para litigar, sistema que ancora as súas bases no artigo 119 da Constitución española.

A Comunidade Autónoma galega, como consecuencia das competencias transferidas en virtude do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro e asumidas polo Decreto da Xunta de Galicia 394/1994, do 29 de decembro, realizou o desenvolvemento normativo da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, a través do Decreto 146/1997, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia.

Posteriormente, como resultado da necesidade de adaptación as novas normas e como solución aconsellada por razóns de técnica lexislativa para evitar a dispersión normativa, apróbase o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, que recolle o novo Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, o cal foi modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño.

2. Necesidade e oportunidade

Nos últimos anos, houbo unha serie de novidades lexislativas importantes que fan necesario reformar novamente o Regulamento antedito. Entre esas novidades destacan, pola súa especial transcendencia, a Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento civil, que dedica a súa disposición derradeira



terceira á modificación da Lei 1/1996. Por outra banda a Lei Orgánica 13/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de Axuizamento criminal. E por último, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público.

Co obxectivo de acadar melloras no cumprimento da obriga da Administración da supervisión e control do emprego dos fondos públicos e co obxectivo de modernizar a xestión realizada pola Administración a través do preceptivo emprego e aplicación das novas técnicas e medios electrónicos e telemáticos imponse a necesidade da modificación e adaptación do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta para ofrecer unha mellor regulación que, sen modificar o espírito da súa antecesora, permita solucionar as disfuncións detectadas, dotando a este servizo dunha maior operatividade administrativa e procedemental, que redunde en beneficio da calidade do servizo prestado ao cidadá, sen merma algunha dos seus dereitos e posibilita unha mellor optimización da xestión dos recursos económicos destinados a este fin.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)

Así, a Dirección Xeral de Xustiza, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa e económica (artigos 41.2.a e 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como do Consello da Avogacía Galega e do Consello Galego de Procuradores de Tribunais, estes últimos déronlle traslado do proxecto normativo aos distintos colexios profesionais que o integran.

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Xustiza de 24 de maio de 2017 sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións polas seguintes entidades: Colexio Provincial de Avogados da Coruña, Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra, Colexio de Avogados de Vigo e o Consello da Avogacía Galega. Este último xunta as alegacións presentadas polos seguintes colexios profesionais: Colexio de Avogados de Ferrol, Colexio de Avogados de Lugo, Colexio Provincial de Avogados de Ourense, Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra, Colexio de Avogados de Santiago, Colexio de Avogados de Vigo e Colexio Provincial de Avogados da Coruña. Así mesmo recibíronse as alegacións do Consello Galego dos Procuradores que xunta as presentadas polo Colexio de Procuradores da Coruña, Colexio de Procuradores de Pontevedra e Colexio Provincial de Procuradores de Lugo.

Solicitouse ao Consejo General del Poder Judicial o informe previsto no artigo 561.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.



Resultou preciso solicitar un informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

O 21 de decembro de 2016 o Consejo General do Poder Judicial emitiu informe favorable sobre o presente proxecto de decreto.

O 28 de novembro de 2016 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

O 30 de novembro de 2016 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emite informe indicando que, dado que se regulan procedementos a instancia de parte, é preciso solicitar o informe emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia a tenor do preceptuado no artigo 6 da lei 14/2013 de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

O 22 de decembro de 2016 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a AMTEGA emiten informe tecnolóxico e funcional favorable sobre este proxecto normativo.

O 16 de maio de 2017 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

Finalmente, o 2 de outubro de 2017 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións, tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado.

Dende a Dirección Xeral de Xustiza, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da adaptación parcial do texto do proxecto de decreto ao informe da Asesoría Xurídica.
- Texto do proxecto de decreto adaptado ao informe da Asesoría Xurídica.



4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a informe do Consello Consultivo de Galicia previa a súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza